

4ª práctica: reflexión sobre o vocabulario específico de Xeomorfoloxía.

Completa a listaxe de vocabulario específico que xuntamos co glosario da parte final do tema 1 (paxs. 48-49 do libro) e coa presentación anexa para elaborar a túa propia definición dos seguintes conceptos: aluvión, foz, meseta, tectónica de placas, ría, tómbolo, zócolo, macizo antigo, cordilleiras de pregamento, cuncas sedimentarias (máximo de 5 liñas por termo).

XEOMORFOLOXÍA: VOCABULARIO.

Aluvión: Mestura heteroxénea de fragmentos de rochas soltos que foron arrastrado ata a base dunha vertente pola acción das correntes de auga.

Anticlinal: Parte convexa dun plegue. Pregamento herciano: Pregamento ocorrido no Paleozoico Superior (oroxenia herciniana).

Coluvión: Mestura heteroxénea de fragmentos de rochas soltos que descenderon ata a base dunha vertente pola acción da gravidade.

Cerro testigo: Elevación illada situada fronte a unha meseta que nos indica a antiga extensión e elevación desta, e da que foi separada pola erosión.

Cordilleira: Alineacións montañosas paralelas ou escalonadas, pertencentes a unha soa unidade oroxénica.

Costa: relevo disimétrico, cunha fronte e un reverso de pendente máis suave.

Deriva continental: Teoría que intentaría explicar a formación dos continentes. Afirmar que as masas continentais cambiaron as súas posicións debido á ruptura e ao desprazamento da única masa continental orixinaria.

Dunas: Colinas formadas pola acumulación de area, movida polo vento.

Eólico: Término que se aplica ós efectos do vento.

Erosión: Fenómeno exterior á codia terrestre que modificou as formas creadas polos fenómenos interiores (tectónica e vulcanismo). Os elementos externos son os axentes erosivos (auga, vento, xeo, home, animais e plantas).

Escudo: Zócolo de grandes dimensións.

Estrato sedimentario: Capa ou leito de rocha característico da deposición de rochas sedimentarias. Separada da anterior e da posterior polos planos de estratificación.

Falla: Rotura de materiais da superficie terrestre que conleva un desprazamento vertical dos mesmos.

Fractura: Rotura de materiais da superficie terrestre que non conleva un desprazamento vertical dos mesmos.

Fosa tectónica: Depresión limitada por fallas paralelas.

Glaciación: Ocupación dunha área por un manto de xeo. Período de tempo no que se produxo este fenómeno.

Glaciar: Masa de xeo de anchura limitada, que se despraza cara abaixo dende unha área de acumulación.

Gondwana: Masa continental do Paleozoico de onde proceden os continentes do hemisferio sur.

Isohipsa: Liña que xunta puntos de igual altitude (curva de nivel).

Isostasia: Teoría sobre o equilibrio hidrostático da Terra; os altibaixos da Terra encontran a súa compensación no interior.

Litoloxia: Estudo das características físicas, químicas e estruturais das rochas.

Macizo: Grupo compacto de montañas e altiplanicies, xeralmente con límites ben definidos.

Magma: Material rochoso fundido baixo a superficie da Terra. Está a alta temperatura e presión e cargado de gases e materiais volátiles.

Meseta: Terreo elevado e plano de grande extensión.

Oroxenia: Fase de formación de relevos montañosos.

Outeiro: Alto que domina unha planicie.

Páramo: Elemento do relevo tabular, en forma de mesa bordeado de cantís. Tamén meseta alta e deserta.

Penichaira: Chaira casi uniforme xenerada por unha prolongada erosión dun espazo montañoso.

Perfil topográfico: Gráfico que nos permite coñecer os rasgos da superficie de calquera área.

Placa tectónica: Placa de litosfera ríxida que se despraza sobre a astenosfera viscosa.

Pregamento: Ondulación dos estratos que resultaría da acción de forzas compresivas na codia terrestre.

Pregamento alpino: foi o que tivo lugar a mediados da era terciaria (derradeiro dos grandes movementos da formación de montañas, oroxenia alpina).

Pregue: Ondulación dun estrato rochoso de amplitude e formas variadas.

Regresión mariña: Descenso do nivel mariño que pode darse por conxelación do mar ou ben por un ascenso do continente.

Rocha arxilosa: rocha sedimentaria detrítica de gran fino. Adoita formarse por meteorización química de rochas magmáticas. Pódese acumular no lugar onde se formaron aínda que xeralmente se forma a distancia (posteriormente arrastradas polas augas superficiais).

Rocha caliza: rocha sedimentaria formada fundamentalmente por carbonatos. Os compoñentes máis importantes son a calcita e a dolomita. Poden acumularse no mesmo lugar no que se forman (autóctonas) ou ben fóra dese lugar (alóctonas).

Rocha ígnea: Rocha que se forma pola solidificación do magma.

Rocha metamórfica: rocha que resulta da transformación dunha rocha primitiva pola presión e a temperatura que posúe unha masa magmática cando sae ó exterior.

Rocha plutónica: rocha ígnea que se enfriou a unha considerable profundidade na codia terrestre.

Rocha volcánica: rocha magmática consolidada na superficie.

Rocha sedimentaria: rocha formada pola deposición de sedimentos acumulados en capas.

Rocha silícea: rocha formada por materiais ricos en sílice.

Sedimentación: Deposición de materiais rochosos traballados pola erosión, tras un proceso de transporte.

Serra: Termo empregado para designar un aliñamento de montañas.

Sinclinal: parte cóncava dun plegue.

Tectónica: Parte da xeoloxía que estuda a codia terrestre e os movementos que causan o relevo superficial da mesma.

Transgresión mariña: Movemento de avance do mar sobre o continente, debido a un ascenso do nivel das augas.

Xeosinclinal: Depresión alongada de dimensións continentais na codia terrestre.

Zócolo: Grandes planicies (mesetas) ou plataformas formadas por rochas cristalinas.